



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Dereito procesual penal

Materia	Dereito procesual penal			
Código	V03G720V01413			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Teixeira Rodríguez, Xulio			
Profesorado	Cachaldora Calderón, Xosé Antón Teixeira Rodríguez, Xulio			
Correo-e	xteixeira@hotmail.com			
Web				
Descrición xeral	Na materia Dereito Procesal Penal estúdanse as institucións básicas do proceso penal, como instrumento tendente á investigación e enxuzamento das condutas delituosas, así como o funcionamento práctico do mesmo nas súas diversas modalidades procedimentais.			

## Competencias

Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
O coñecemento por parte do estudante das institucións básicas do proceso penal así como familiarizarse co funcionamento práctico do mesmo nas súas diversas modalidades procedimentais.	CB2 CB3 CB4 CB5

## Contidos

Tema
------

## I.- O PROCESO PENAL ESPAÑOL

- 1.- Principios informadores do proceso penal.
- 2.- Competencia dos órganos jurisdiccionais penais.
- 3.- Partes procesales.
- 4.- Obxecto do proceso penal.
- 5.- Formas de incoación do proceso penal: denuncia, querella, ateigado.
- 6.- Fase de instrución: dilixencias de investigación, anticipación e aseguramiento da proba.
- 7.- Fase intermedia: sobreseimiento e apertura do xuízo oral.
- 8.- Xuízo oral e proba.
- 9.- Sentenza penal.
- 10.- Efectos do proceso penal.
- 11.- Recursos.
- 12.- Medidas cautelares.
- 13.- Ejecución penal.

## II.- PROCESOS PENAIS ESPECIAIS

- 1.- Enxuízamento rápido de delitos.
- 2.- Proceso por aceptación de decreto.
- 3.- Procedemento ante o Tribunal do Xurado
- 4.- Procedemento para o xuízo sobre delitos leves.
- 5.- Proceso penal de menores

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	34.5	62.5	97
Seminario	15	34	49
Exame de preguntas obxectivas	1.5	0	1.5
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	1.5	0	1.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	No horario de tutorías fixado polo profesor/a e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor/a as dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou cos exercicios e casos prácticos propostos.
Seminario	No horario de tutorías fixado polo profesor/a e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor/a as dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou cos exercicios e casos prácticos propostos.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Exame de preguntas obxectivas	Ao longo do cuatrimestre realizaranse nas datas indicadas na planificación docente 2 probas tipo test. Estas probas non liberan materia de cara ao exame final.	25	CB2 CB3 CB5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Na data fixada no calendario oficial de exames, realizarase un exame teórico oral ou escrito, que comprende toda a materia.	50	CB2 CB3 CB4 CB5
Resolución de problemas e/ou exercicios	Na data indicada no calendario oficial de exames realizarase unha proba de carácter práctico consistente no estudo dun caso.	25	CB2 CB3 CB5

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Na materia Dereito Procesal Penal seguiranse dous sistemas de avaliación, tanto na primeira convocatoria (maio/xuño) como na segunda (xullo): avaliación continua ou exame final.

1º.- AVALIACIÓN CONTINUA. O sistema de avaliación continua consistirá en: a) 2 probas teóricas tipo test, que se realizarán nas datas indicadas na planificación docente que se proporcionará aos alumnos ao comezo de curso; a nota media obtida nestas probas representará o 25% da cualificación final. b) 1 proba práctica escrita, que se realizará na data indicada no calendario oficial de exames que representará o 25% da cualificación final. c) 1 proba teórica oral ou escrita, sobre toda a materia, que se realizará na data fixada no calendario oficial de exames e que representará o 50% da cualificación final.

**En calquera caso, para que se entenda superada a materia, é necesario obter nesta proba teórica polo menos un 5 sobre 10. De non alcanzarse esta nota mínima de 5 sobre 10, non se procederá ao cómputo da avaliación continua e a nota final corresponderase coa nota obtida na proba teórica.**

Notas importantes: a) Para ser evaluado conforme ao sistema de avaliación continua, o/a alumno/a deberá realizar a proba teórica (oral ou escrita), a proba práctica escrita e, polo menos, unha das probas teóricas tipo test. b) Os/as alumnos/as que sigan o sistema de avaliación continua e que non superen a materia na primeira convocatoria (maio/xuño), de facer á segunda convocatoria (xullo) poderán optar por: - Que se lles manteña a cualificación obtida nas probas tipo test e na proba práctica realizadas durante o curso (se ambas constan aprobadas), nese caso o exame consistiría nunha proba teórica oral ou escrita sobre toda a materia, que representará o 50% da cualificación final, e na que deberán obter polo menos un 5 sobre 10 para entender superada a materia. - Facer un exame final nos termos que se indican a continuación.

2º.- EXAME FINAL. Os/as alumnos que decidan non seguir o sistema de avaliación continua ou que non realicen as actividades necesarias para ser avaliados conforme a este sistema, serán avaliados cun exame final, que se realizará na data fixada no calendario oficial de exames e que representará o 100% da cualificación final. O devandito exame constará de: a) Unha proba práctica escrita, consistente no estudo dun caso. Esta proba práctica representará o 20% da cualificación final. b) Unha proba teórica oral ou escrita sobre toda a materia, que representará o 80% da cualificación final.

Nota importante: para poder superar a materia a través do exame final, o/a alumno/a terá que superar as dúas partes do exame. É dicir, na proba práctica, terá que obter polo menos un 1 sobre 2; e, na proba teórica, un 4 sobre 8.

3º.- CONVOCATORIA DE FIN DE CARREIRA. Na convocatoria de fin de carreira o sistema de avaliación será o de exame final nos termos expostos anteriormente.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2022-23

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

MORENO CATENA, V.; CORTÉS DOMÍNGUEZ, V., **Derecho Procesal Penal**, Tirant lo Blanch, última edición

GÓMEZ COLOMER, J.L. y BARONA VILAR, S. (Coords.), **Proceso Penal. Derecho Procesal III**, Tirant lo Blanch, 2021

GIMENO SENDRA, V., **Derecho Procesal Penal**, Tirant lo Blanch, 2021

ASENCIO MELLADO, J.M., **Derecho Procesal Penal**, Tirant lo Blanch, 2020

ALONSO-CUEVILLAS Y SAYROL, J. (Dir.), **El nuevo proceso penal tras las reformas de 2015**, Atelier, 2016

### **Bibliografía Complementaria**

MORENO CATENA, V., (Dir.), **El proceso penal. Doctrina, jurisprudencia y formularios (5 vols.)**, Tirant lo Blanch, 2000

CONDE-PUMPIDO FERREIRO, C., **Comentarios a la Ley de Enjuiciamiento Criminal y otras leyes del proceso penal (6 vols.)**, Tirant lo Blanch, 2004

GÓMEZ COLOMER, J.L. (Coord.), **Prueba y proceso penal**, Tirant lo Blanch, 2008

MUERZA ESPARZA, J., **Las reformas procesales penales de 2015**, Aranzadi, 2015

---

## **Recomendacións**

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Sistema xudicial español e proceso civil/V08G081V01403